

4 anos de traballo sindical Con rumbo certo



WWW.CIG-ENSINO.GAL



RENDENDO CONTAS ÁS PORTAS DUNHAS NOVAS ELECCIÓN SINDICAIS

Coa mesma **responsabilidade, forza e coherencia** que nos caracteriza como sindicato transformador, reivindicativo e rigoroso, a **CIG-ENSINO** afrontou estes últimos catro anos co mesmo compromiso co ensino público e con todo o seu profesorado, sen excepcións.

Estes catro anos volveron demostrar por que a **CIG-ENSINO** é o **referente como sindicato maioritario**: fomos a referencia na contestación ás políticas dunha Consellaría que actúa de costas ao profesorado; fomos a vangarda da resposta sindical nos centros e nas rúas, inexistente ou desartellada se non partía da nosa iniciativa; fomos o contrapunto en todas as negociacións que se produciron nas diferentes mesas de negociación, non só no ámbito galego, senón tamén no estatal, con propostas e reaccións que outras organizacións non puideron ou non quixeron dar, malia a súa implantación estatal.

Unha parte importante destes catro anos estivo marcada polo carácter excepcional da pandemia provocada pola COVID. Todo o sistema educativo e as relacións do profesorado víronse afectadas e, partindo desta realidade, a **CIG** considerou que a acción sindical tiña que ser determinante para medir a reacción a un tempo duro e inesperado. Así como o profesorado soubo facer fronte a unha situación como a da pandemia, a **CIG-ENSINO** non podía ficar atrás. Por iso **non suspendemos a nosa acción sindical** nin nos parapetamos de-

trás duns teléfonos, unhas redes sociais ou unha acomodación ás dificultades: **a pandemia non freou a nosa**


mobilización nin a nosa presenza nos centros, nin as nosas conviccións e forzas á hora de negociar e facer fronte á Consellaría, mantendo firme o noso modelo sindical, claramente diferenciado doutras opcións.

Hai catro anos rompemos o teito do apoio electoral á **CIG-ENSINO**, **superando** por vez primeira **os nove mil votos** e mantendo unha enorme diferenza cos demais sindicatos, tanto en votos como en representantes. Foi esa forza social, expresada nas urnas, a que renovou a nosa capacidade para incidir como protagonista destacada no mundo sindical educativo e nas relacións, de negociación e mobilización, coa administración educativa.


Fixemos valer a forza que nos deu o profesorado e respondemos a esa confianza con esforzo, compromiso e cun perfil claramente reivindicativo. Fixémolo en aspectos de marcado carácter laboral ou profesional e na defensa dun ensino público laico, coeducativo e feminista, democrático e participativo, inclusivo e equitativo, tendo como elemento central a defensa da nosa lingua.

Estes son os nosos sinais de identidade e neles incidimos por igual nestes anos e aspiramos a seguilo facendo coa mesma forza de aquí en diante porque non hai conflito pequeno nin polémica que nos sexa allea se é para **dignificar o profesorado e reivindicar un ensino público galego e en galego**.


Representación
na Mesa Sectorial



2018 Delegados/as



2018 Votos



A RESPOSTA SINDICAL Á PANDEMIA E A PREOCUPACIÓN POLA SAÚDE LABORAL

Respondemos á situación creada coa declaración da pandemia desde o primeiro momento. Promovemos un peche na Consellaría que provocou a rectificación da obriga inicial ao profesorado a asistir aos centros en pleno confinamento domiciliario.

Fixemos un **inquérito masivo** entre o profesado, con máis de seis mil respostas, que evidenciou as graves carencias existentes en pleno confinamento, cunha fenda dixital, social e territorial que identificaba un elevado índice de desconexión do alumnado, os problemas aos que nos enfrontamos como docentes e o sobreesfrazo e voluntarismo co que demos resposta á teledocencia.

Denunciamos os protocolos sanitarios diante dos tribunais de xustiza e da inspección de traballo. Conseguiamos reverter algunha das medidas máis lesivas e obrigamos á Consellaría a proporcionar datos da evolución da pandemia nos centros e a manter reunións periódicas para facilitar información e a regular o proceso de vacinación así como a adoptar algunhas melloras, claramente insuficientes, na dotación de medios e material de protección ao profesorado. Coas nosas denuncias conseguimos que, por vez primeira, se programe unha **avaliación de riscos** en todos e cada un dos centros educativos.

Tamén advertimos sobre a necesidade de concretar actuacións para velar pola saúde mental do profesorado e alumnado, exixindo unha actuación clara da Consellaría.

Todas as melloras existentes desde hai anos no seguimento da saúde laboral e mesmo nos cambios de destino, como as comisións de saúde, viñeron da man da **CIG-ENSINO**.

AS MOBILIZACIÓNS E FOLGAS NA DEFENSA DO PROFESORADO

Nin a pandemia nin o discurso derrotista de que as crises deben levar por diante os nosos dereitos e as nosas protestas impediron que mantivésemos a mobilización como elemento fundamental de activación do profesorado fronte á involución nas nosas condicións de traballo.

Lideramos as protestas e folgas pola recuperación do horario lectivo de 18 horas en secundaria e outras ensinanza e de 21 horas en infantil e primaria que tiñamos até o ano 2012, cargando practicamente en exclusiva co traballo de información e mobilización nos centros.

Promovemos concentracións multitudinarias e folgas contra as condicións impostas no protocolo de comezos do curso 2020/21 conseguindo, malia as limitacións impostas pola xustiza cuns servizos mínimos abusivos coa escusa da pandemia, un incremento importante de profesorado polos desdobres autorizados e a renuncia á semipresencialidade tanto na ESO como no Bacharelato.

Mobilizámonos contra a continua privatización do ensino público, co incremento de fondos para o concertado; tamén para exixir, na fase de tramitación do que finalmente foi a Lei 20/2021 de redución da temporalidade, unha vía xusta para os procesos de estabilización do emprego temporal no sector público. **Estivemos na rúa para denunciar o peche de aulas**, nomeadamente no rural, para protestar contra a negativa da Consellaría a autorizar materias optativas cun número reducido de alumnado e para demandar un cambio de rumbo destinado a reducir a burocracia e as ratios nas nosas aulas.



AS DEMANDAS POR UNHAS RETRIBUCIÓNS XUSTAS E UNHA XUBILACIÓN DIGNA

Os gobernos aproveitaron as diferentes crises para recortar os dereitos de todo o persoal dos sectores públicos e, por tanto, tamén do profesorado. **Os recortes salariais leváronnos a unha perda superior ao 17% desde o ano 2010**, sendo o goberno galego un dos poucos que non pactou a devolución das pagas extras roubadas, o que nos levou a non subscribir ningún tipo de acordo, a nivel galego ou estatal, que non partise da recuperación do arrebatado e dun plan retributivo que permita, cunha cláusula de revisión salarial, que non perdamos poder adquisitivo. A **CIG**, como en tantas outras facetas como é habitual na súa liña de traballo, combinou a mobilización coas propostas nas mesas de negociación, bloqueadas polo apoio dos sindicatos estatais ao goberno en calquera das medidas que adopte.

Xunto coas protestas sindicais contra unhas peores condicións económicas, tiveron nestes anos unha especial relevancia as mobilizacións contra a reforma das pensións, que afectan sobre todo a unha parte cada vez máis grande do profesorado, o vinculado ao réxime xeral da seguridade social. En solitario, e contra unha nova entrega de UGT e CCOO, mobilizámonos contra as medidas que non só non van na liña de mellorar as pensións do réxime xeral, equiparándoas con clases pasivas, especialmente no que se refire á xubilación voluntaria, senón que camiñan na dirección de empeorar o noso futuro como pensionistas.

MUDAR O RUMBO DA CONSELLARÍA, DARLLE VOZ A UN PROFESORADO FARTO

A pandemia e os efectos continuados das diferentes crises, con impactos sociais enormes, servíronlle de escusa á Consellaría para non dar marcha atrás na política reaccionaria que nos levou a un incremento brutal da burocracia, a unha atención á diversidade moi deficiente, a unhas ratios que non nos permiten traballar co nivel necesario de atención ao noso alumnado (e que cos desdobres durante a pandemia quedou constatado como un mecanismo esencial para a mellora educativa) ou ao incremento do noso horario lectivo. As melloras nunca tocan porque sempre hai algunha escusa.

A **CIG-ENSINO** foi e é consciente de que non nos podemos acomodar a un discurso que pretende vendernos que somos un colectivo privilexiado e que ter estabilidade no emprego é suficiente para asumir o que nos boten enriba. Tamén é plenamente consciente disto unha maioría do profesorado que proclama estar farto desta situación e se mobiliza contra a negativa da administración a mellorar as nosas condicións laborais. Nin o sindicato nin o profesorado podemos deixar de exixir unha rectificación da política educativa e de persoal da Consellaría. Por iso, desde a **CIG-ENSINO** volvemos poñer sobre a mesa, na fase final do curso pasado, as nosas demandas, que nacen da vontade do profesorado por vencer o fastío polo desprezo da administración.





A REDUCCIÓN DA PROVISIONALIDADE

O enorme traballo da **CIG-ENSINO** de fiscalización e control do elevado número de prazas existentes nos centros educativos que non se ofertaban nos concursos de traslados provocou un cambio enorme nas decisións da Consellaría. Logo de ter disparado o tempo de provisionalidade nalgúñas especialidades do corpo de mestres e en todas as de secundaria e outros corpos, conseguimos desbloquear a falta de oferta de prazas e provocar que, na inmensa maioría das especialidades docentes, se obteña un destino definitivo antes de dous anos após ter aprobado as oposicións. Así, **logramos un obxectivo histórico** do sindicato como é **a redución da provisionalidade e o incremento de profesorado con destino definitivo** nos centros.

Ao tempo, foron constantes as nosas queixas e reivindicacións para a redución das materias afíns que debe impartir o profesorado e a itinerancia entre diferentes centros. Aínda que se conseguiron algunhas melloras no caso das afíns en secundaria (**limitación a 2 afíns**), esta regulación, á que se nega a administración, segue a ser unha reivindicación constante.

A DEFENSA DA ESTABILIDADE DO PROFESORADO INTERINO EN TODAS AS VÍAS

Os últimos anos estiveron caracterizados polo continuismo nas políticas ao respecto do persoal interino, tanto a nivel estatal como galego. En Madrid subscribíronse acordos, asinados polos sindicatos estatais habituais, que implicaron virar as costas á realidade dun profesorado para o cal, despois dunha longa experiencia nalgúns casos, non se lle abrían posibilidades de consolidación no posto de traballo. **A CIG-ENSINO defendeu** en todas as modificacións legais **unha vía de acceso diferenciado** na que, partindo dunha proposta realista e totalmente legal, se buscasse combinar as expectativas dos diferentes intereses: profesorado interino de longa duración, aquel que leva menos anos traballando e, tamén, de quen non ten case experiencia ou non a ten en absoluto.

A nosa formulación dun acceso diferenciado, non restrinxido para salvar os límites xudiciais, implicaba unha dobre vía na que, simultaneamente, se puidese presentar quen tivese nos méritos da súa experiencia o principal valor nun



proceso selectivo e quen, por outra parte, contase con máis posibilidades cun proceso con maior peso da fase de oposición. Unha vía que, con carácter excepcional, buscasse dar resposta a unha taxa de interinidade, menor á media estatal, mais aínda por riba do mínimo estrutural necesario.

A nivel galego, o bloqueo político-sindical da Consellaría e dos socios sindicais asinantes do acordo de persoal interino seguiu a impedir a negociación da incorporación dunha cláusula de estabilidade que permitise que o persoal interino cunhas determinadas características (tempo de traballo, idade) puidese ter un horizonte de estabilidade laboral a medio prazo.

A aprobación da lei 20/2021 supuxo unha nova mostra de como se pode legislar sen ter en conta a realidade do profesorado. **A CIG-ENSINO foi crítica con todo o proceso de negociación**, especialmente coa fase inicial, cando o asinado por CCOO, UGT e CSIF ía implicar un golpe decisivo ás expectativas do profesorado interino xa que non era máis que a reprodución dos pactos de anos anteriores. O texto final da lei, con ser moito mellor que a proposta sindical inicial, non estaba pensado para o colectivo docente, ao partir dun marco xeral de toda a función pública e de carácter estatal, sen marxe para que puidésemos aprobar uns procesos que deran resposta á situación do profesorado interino galego.

A nosa posición na Mesa Docente estatal foi a de evidenciar os enormes problemas que ten un sistema de concurso nuns corpos docentes de carácter estatal. Con todo, a **CIG-ENSINO** comprometeuse ao máximo para dar resposta á realidade dunha convocatoria excepcional: formulando propostas que superasen o

baremo finalmente imposto polo Ministerio e traballando intensamente na elaboración duns estudos que supuxeron facer virar á Consellaría na súa pretensión inicial de ofertar un concurso de méritos moi reducido. A cifra de 500 prazas ofrecida por Feijóo e o conselleiro viuse máis que duplicadas na oferta final, e todas e cada unha das prazas foron, con cadansúa xustificación, froito do traballo da **CIG-ENSINO**, derivado do estudo que fixemos de xeito pormenorizado. Partindo duns criterios xerais coincidentes cos expostos pola **CIG**, a cifra de prazas a concurso chegou a 1.156, cunha moi reducida oferta de prazas a concurso oposición (125) precisamente por primar aquelas sobre estas. Aínda que a **CIG-ENSINO** non compartiu unha serie de condicionantes finais á hora de determinar as prazas, o certo é que **só se pode cualificar como un moi importante logro termos chegado**, nun esforzo sindical completamente en solitario, **ás cifras que se ofertan a concurso**.

Mais a **CIG-ENSINO** nunca xogou ao populismo nin ao engano: ningún proceso de estabilización vai converter en fixo a todo o persoal interino e quen afirme o contrario estafa o profesorado. **O obxectivo que se formulou a CIG-ENSINO foi claro: incrementar ao máximo posíbel o número de prazas de estabilización**, reducindo ao mínimo estrutural (entre un 4% e 5%) a porcentaxe de persoal temporal e buscar vías de estabilidade alternativa para quen non acadase unha praza fixa. Unha alternativa perfectamente legal posta agora en perigo polo pacto sindical estatal que busca que non haxa persoal interino que supere os tres anos de antigüidade e contra o que a **CIG** xa formulou alternativas dentro do actual acordo de listas e seguirá a defendelas.





Fomos a única organización sindical que permanentemente elaborou propostas para potenciar a creación de materiais didácticos na nosa lingua, tanto en formato físico como dixital en etapas con enormes carencias, como é o caso da FP.

Mais foi a demanda de persoal especialista, desde PT e AL á xefatura de departamentos de Orientación e a dotación de persoal nos EOE o que supuxo un maior nivel de traballo sindical. Froito del, conseguimos unha ampliación do profesorado definitivo de apoio nos centros de Infantil e Primaria, insuficiente se partimos da nosa demanda mais claramente mellor que as cifras previas.





UN SINDICALISMO FEMINISTA

Nestes anos a **CIG-ENSINO** saíu á rúa para visibilizar as consecuencias de vivirmos nunha sociedade patriarcal e expuxo os problemas que temos as galegas e cales son as propostas do feminismo de clase para os solucionar.

Celebramos as Xornadas das Mulleres, que acadaron neste curso a súa décimo novena edición.

Editamos o libro **Coeducación. O alicerce do ensino** no que buscamos achegar información para o coñecemento de recursos bibliográficos, na reorganización dos espazos dos centros seguindo criterios de igualdade e non discriminación, na inclusión da realidade LGTBQIA+, nos protocolos de prevención, detección e actuación ante todas as situacións de violencia machista que se poidan dar no contexto educativo.

Recentemente publicamos **Ax(e)itar a lingua**, un manual de orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino. Esta publicación pioneira na nosa lingua, ofrece unha mancha de propostas didácticas para axudar o profesorado a ir implantando a linguaxe inclusiva na súa práctica docente e consecuentemente entre o alumnado.

Editamos cada curso diversas propostas didácticas arredor da coeducación e demandamos á Consellaría un apoio e seguimento dos plans e protocolos dos centros e o fomento e creación de **equipos específicos de igualdade coa dotación dunha persoa coordinadora con asignación horaria**.

A FORMACIÓN AO SERVIZO DO PROFESORADO

A formación continua do profesorado estivo sempre presente nas liñas estratéxicas do sindicato. Conscientes de que un profesorado formado é preciso para avanzar na calidade do ensino ofertamos temáticas (como a normalización lingüística, a igualdade, a coeducación, a protección do medio ambiente, as novas metodoloxías didácticas, a atención á diversidade ou a nosa historia) e enfoques alternativos aos que ofrece a Consellaría, fundamentalmente ancorados nas linguas estranxeiras e no dominio das tecnoloxías.

Desde a **CIG-ENSINO** quixemos manter o contacto co profesorado para favorecer o intercambio de experiencias didácticas e a convivencia. Así, mantivemos actividades como os Encontros Pedagóxicos ou as Semanas de Educación que se realizaron en distintas localidades. Estas actividades presenciais foron punteiras no seu día e séguense a realizar malia algunhas superar xa a cuadraxésima edición.

Tamén tivemos formación a distancia e seguimos reivindicando que nos poidamos formar en horario lectivo.

Por mor da pandemia, xornadas como as de lingua e literatura, as das mulleres, as de normalización lingüística ou as de educación infantil realizáronse a través de videoconferencias e conferencias gravadas. Isto facilitounos manter nas redes os contidos, permitindo un elevado número de visualizacións. Tamén puxemos a dispor do profesorado unha serie de materiais que foran contido previo de cursos a distancia e que procuraron facilitarlle o traballo no contexto da pandemia.

A INTEGRACIÓN DO CORPO DE PTFP EN PES

Un dos cambios introducidos na LOMLOE, mal planificado desde o comezo, con ausencia de negociación sindical, foi a extinción dun corpo docente, o de PTFP, para a súa integración no de PES. A medida inicial deixaba tirada a maior parte do colectivo, xa que só contemplaba a integración de quen tivese titulación de grao ou equivalente para o ingreso na función pública, o que implicaba excluír titulacións universitarias de grao medio ou de FP.

A posición da CIG-ENSINO foi clara desde o comezo: loitar pola integración de todo o profesorado, sen exclusións, porque o considerabamos de xustiza e porque ía na liña da nosa demanda histórica dun corpo único.

O noso papel foi destacado á hora de propoñer alternativas fronte á negativa inicial do Ministerio a mudar. Froito da nosa capacidade de presión e información, con reunións ao máximo nivel no MEFP e con asembleas informativas en todos os centros, conseguimos pasos moi importantes, como foi a integración de quen tivese diplomaturas, con independencia da especialidade ou de ampliar a cinco anos o prazo para integrarse. As melloras son insuficientes porque seguen excluindo unha parte do profesorado actual e de futuro e non dá resposta á demanda de que a igual traballo corresponde o mesmo recoñecemento. Nesa liña van tamén as nosas alternativas a curto e medio prazo: **apostar pola integración mais non deixar a ningún atrás.**

O RECOÑECIMENTO PROFESIONAL DUN CORPO ÚNICO: A INTEGRACIÓN NO GRUPO A1

A parte máis positiva da integración do corpo de PTFP no de PES (con todas as limitacións que criticamos) é que se rompeu un tabú da administración educativa: xa non hai escusas para que calquera docente cunha titulación de diplomatura ou grao, con independencia da etapa na que traballe, poida formar parte do grupo funcional A1.

Esta medida, que implicaría unha mellora salarial e de cara á xubilación, é moi importante como recoñecemento profesional para os corpos que aínda quedan adscritos ao grupo A2 (mestres de EI e EP e mestres de taller de artes plásticas, así como o novo corpo de profesorado especialista de FP). Todo o profesorado do corpo de mestres conta xa co requisito dunha diplomatura e hai alternativas para que o resto poida, mesmo mediante complementos compensadores, ter o mesmo recoñecemento.

Defendemos a integración nun único corpo, ou aínda sendo diferentes, no grupo A1 e, na mesma liña, solicitamos a extensión do nivel 26 a todo o profesorado, comezando por todo aquel -como o de PES e outros corpos de secundaria- que a día hoxe teñen un nivel 24.

Isto é o que historicamente defendeu a **CIG-ENSINO** e o que nos levou a unha campaña de recollida de sinaturas para reactivar esta demanda, con 7.366 sinaturas recollidas en menos de mes e medio.

O COMBATE DAS IDEAS NA DEFENSA DOS DEREITOS COLECTIVOS

Non hai dereitos gañados sen loita previa, mais nada asegura que os conquistados non poidan ser arrebatados. Vivimos tempos de crises encadeadas que fan preciso un sindicalismo forte para frear a involución. Xogamos nestes anos un papel de dinamización do profesorado e da clase traballadora en xeral para loitar por manter estes dereitos e traballar na súa mellora e ampliación.

Loitamos para recuperar dereitos lingüísticos, para evitar que o control ideolóxico entre nas aulas (a polémica do «pin parental» foi un síntoma do papel submisivo que como docentes se nos quere asignar), así como para reparar a memoria democrática, unha loita na que se encadrou a nosa campaña pola eliminación dos nomes franquistas nos centros.

Percibimos a necesidade de incidir desde as aulas no cometido de librar á sociedade de exclusións e discriminacións, **traballando pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBQA+** con publicacións e campañas específicas.

Tamén foi preciso **loitar pola memoria cultural que nos é propia.** Fomos quen de conseguir o recoñecemento do **día de Rosalía** nos centros educativos malia as continuas trabas da Consellaría, nun logro colectivo da man do activismo cultural e social, negándonos a aceptar a consideración de Rosalía como unha estranxeira na súa patria e nas nosas aulas.

A RESPONSA SINDICAL FRONTE ÁS POLÍTICAS EDUCATIVAS IMPOSTAS UNILATERALMENTE

O goberno español impulsou medidas lexislativas nestes últimos anos sen contar coa opinión das organizacións sindicais, reducindo a Mesa Docente a un papel de mera irrelevancia na que, como **CIG**, procuramos responder con propostas e críticas e as achegas do profesorado. Despois da loita contra a LOMCE do PP, a LOMLOE non cumpriu as expectativas e sindicalmente fomos a voz crítica que, malia recoñecer algúns avances, evidenciou a falta de valentía e as carencias. Tamén no seu desenvolvemento a nivel galego, cun PP que pasou da vangarda da aplicación da LOMCE a ralentizar a aplicación da nova lei ou a procurar xogar a contra por puro interese partidista.

Fixemos fronte á unilateralidade na toma de decisións, tanto en Madrid como en Galiza. Desde procesos selectivos deseñados con carácter centralista polo Ministerio á negación pola Consellaría da capacidade profesional do profesorado de Infantil ou a imposición de decisións arbitrarias na ordenación dos cursos académicos nas EOI ou nos IES.

O exercicio da contestación ás políticas educativas e de persoal foi unha constante para a **CIG-ENSINO**, confrontando a nula vontade da Consellaría tanto como por restituír o horario de 21 e 18 horas lectivas como baixar a ratio do alumnado, reducir a burocracia ou recoñecer o papel central do profesorado de cara a reforzar a coordinación e a toma democrática de decisións.

Desde a CIG-ENSINO manteremos a loita por mudar o rumbo desta política educativa letal para o ensino público.